

## **NORMAS DA VIAXE:**

### **Xerais:**

- Somos moita xente participando nunha viaxe longa: para que todos podamos disfrutala é fundamental seguir as indicacións que vos propoñemos: respecto, paciencia e moita, moita puntualidade.
- O alumnado deberá seguir as indicacións do profesorado en todo momento.
- O alumnado debe facerse responsable dos seus enseres en todo momento.

### **Durante a viaxe:**

- Ocupar os asentos asignados no autobús facendo uso do cinturón de seguridade.
- Queda terminantemente prohibido levantarse do asento ou camiñar polo pasillo co autobús en marcha.
- O alumnado non poderá comer no interior do autobús. Haberá paradas a intervalos.
- É fundamental respectar tanto o traballo do chófer como o descanso dos demais.

### **Durante a estancia:**

- O profesorado poderá comprobar o estado das habitacións, que debe ser o adecuado.
- O profesorado establecerá uns horarios que deberán cumprirse escrupulosamente.
- Está prohibido asomarse a balcóns e fiestras, dar portazos, berrar ou correr polos pasillos. Prohibición de fumar e consumir bebidas alcohólicas durante o transcurso da actividade.
- O alumnado disporá de tempo libre ao finalizar a xornada de esquí, sempre condicionado ao bo comportamento do grupo.
- De haber algún desperfecto nas instalacións do hotel ou da estación, o alumno ou alumnos causantes serán responsables de sufragar os gastos que del se puideran derivar.

### **Normas do material de alugueiro:**

- O material de alugueiro será responsabilidade de cada alumno e deberá saber onde está en cada momento.
- O material está numerado e cada alumno terá que memorizar os números de identificación do seu material (foto co móbil ou anotar nun papel).
- É importante lembrar ben onde se deixa o material, comprobando a numeración cando se colle (pode haber moitos esquís iguais).
- No caso de perda, o material deberá ser aboado polo propio alumno.
- O alumno será responsable de subir ás pistas o seu material: roupa axeitada, luvas, gafas, crema solar, casco e forfait.
- O forfait é a tarxeta que permite o uso dos remotes mecánicos e tamén é o bono das comidas. Perdelo ou non subilo á estación supón non poder esquiar nen comer ese día.

### **Normas nas pistas:**

- O esquí é unha actividade de risco controlado. Para evitar caídas, lesións ou accidentes debemos seguir ás normas e sinalizacións en todo momento, ser prudentes e utilizar o sentido común.
- É responsabilidade do alumnado comportarse de xeito adecuado á fin de non mancarse e non mancar aos demais.
- No caso de indisposicións, enfermidade ou lesións, os profesores (en contacto coas familias) determinarán as actuacións a realizar.
- Hai dúas horas diarias de clases con monitores (estas horas son obrigatorias). O resto do tempo a alumnado esquiará de xeito libre respectando as normas FIS e practicando o aprendido.
- É recomendable que no tempo libre o alumnado esquíe en pequenos grupos, como mínimo en parellas. En ningún caso poderán esquiar sós ou abandonar a un compañeiro que vai máis lento.
- Queda totalmente prohibido esquiar fora de pistas, esquiar por pistas vermellas por onde non se estivera antes con monitores ou profesores acompañantes así como esquiar por pistas negras.
- Igualmente, está prohibido baixar as pistas sen realizar curvas de frenado e a gran velocidade.
- O uso do casco (abrochado), gafas de sol (postas), luvas e protector solar é obrigatorio.